

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1YH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-11-16 13:42

Número 32 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 11 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 32 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MONTERO RÍOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 7 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos, de data 7.11.16; así como do informe da xefe de sección de Intervención, de 10.11.16, con observacións, ao cal presta a súa conformidade a interventora.

A devandita proposta transcríbese de seguido:

"Jorge Duarte Vázquez, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, en virtude das competencias atribuídas por decreto de Alcaldía de data 16/06/2015 **EXPÓN:**
Que con data 7 de novembro de 2016, o xefe de sección de contratación emitíu informe sobre a aprobación do proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos, que literalmente indica:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1YH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-11-16 13:42

"Asunto: Aprobación do proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado 31 de outubro, acordou a autorización da redacción do proxecto modificado das obras de humanización da rúa Montero Ríos, presentándose agora éste xa para a súa aprobación.

Polo tanto, e desde a perspectiva da TRLCSP, emítese o presente

INFORME:

Primeiro:

Dentro das prerrogativas que o artigo 210 do TRLCSP atribuye á administración contratante se atopa a relativa á modificación contractual que se contempla no artigo 219 do TRLCSP en relación co artigo 234 do referido texto legal. De conformidade con este artigo 219, que así mesmo remite o título V do libro I da Lei (artigos 105 a 108), unha vez que o contrato se perfecciona o órgano de contratación unicamente pode introducir variacións cando concorran razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, sempre que se xustifiquen adecuadamente no expediente e que, en ningún caso, supoñan afectar as condicións esenciais do contrato.

Estas cuestións de fondo xa foron valoradas no informe xurídico emitido para a autorización da redacción do proxecto modificado polo que non son obxecto de análise no presente informe.

Segundo:

Nesta fase do procedemento, autorizada xa a redacción do modificado, é necesario recordar os trámites que contempla o artigo 234.3 do TRLCSP para modificacións de contratos de obras, que serían os seguintes:

- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma
- Audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días. (Neste caso non se precisa posto que o proxecto ten a conformidade do contratista)
- Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1YH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-11-16 13:42

- Reaxuste da garantía definitiva .
- Formalización en documento administrativo.

Proposta de resolución:

Á vista de canto antecede, **infórmase favorablemente** á aprobación técnica do proxecto modificado das obras de **humanización da rúa Montero Ríos**, redactado por Eduardo Cruz Aguiar, arquitecto, por un importe de 1.452.429'89 euros (IVE aparte 305.010'28 euros) e a súa adxudicación á empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, contratista da obra principal, resultando unha vez aplicada a baixa un presuposto de adxudicación de 1.108.639'73 euros (IVE aparte 323'814'34 euros) o que supón unha variación económica do 9'88% sobre o proxecto inicialmente aprobado e contratado.

O prazo para a execución deste proxecto modificado é de dezaseis semanas, a contar dende o 14 de novembro de 2016, data de finalización do prazo inicialmente previsto.

Este acordo formalizarase en documento administrativo, reaxustándose a garantía definitiva no seu día constituída".

Visto o exposto realízase a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Aprobar o proxecto modificado das obras de **humanización da rúa Montero Ríos**, redactado por Eduardo Cruz Aguiar, arquitecto, por un importe de 1.452.429'89 euros (IVE aparte 305.010'28 euros), adxudicando a súa execución á empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, contratista da obra principal, resultando unha vez aplicada a baixa un presuposto de adxudicación de **1.108.639'73 euros** (IVE aparte 323'814'34 euros) o que supón unha variación económica do 9'88% sobre o proxecto inicialmente aprobado e contratado.

O prazo para a execución deste proxecto modificado é de dezaseis semanas, a contar dende o 14 de novembro de 2016, data de finalización do prazo inicialmente previsto.

Este acordo formalizarase en documento administrativo, reaxustándose a garantía definitiva no seu día constituída.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1YH	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 11-11-16 13:42

O gasto correspondente, que ascende á cantidade de 120.633'28 euros, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 61900."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Aprobar o proxecto modificado das obras de **humanización da rúa Montero Ríos**, redactado por Eduardo Cruz Aguiar, arquitecto, por un importe de 1.452.429'89 euros, (IVE aparte 305.010'28 euros), adxudicando a súa execución á empresa XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, contratista da obra principal, resultando unha vez aplicada a baixa un presuposto de adxudicación de **1.108.639'73 euros**, (IVE aparte 323.814'34 euros), o que supón unha variación económica do 9'88% sobre o proxecto inicialmente aprobado e contratado.

O prazo para a execución deste proxecto modificado é de dezaseis semanas, a contar dende o 14 de novembro de 2016, data de finalización do prazo inicialmente previsto.

Este acordo formalizarase en documento administrativo, reaxustándose a garantía definitiva no seu día constituída.

O gasto correspondente, que ascende á cantidade de 120.633'28 euros, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández